



DONDE *lo*
MARAVILLOSO



PLAN PASTORAL

2022-23

OCCURRE

**CPR PLURILINGÜE PP. SOMASCOS
A GUARDA**



Elaboramos este plan para promover os valores humanos e cristiáns, buscando a educación íntegra que fai posible unha sociedade máis xusta, educando nun clima de apertura, respecto e valoración da persoa e da vida humana.

Pretendendo que o noso centro sexa unha Comunidade Educativa na que os nenos, nenas, mozos e mozas de orixe e condicións diferentes, poidan ser educados un xunto ao outro, sendo atendidos nos aspectos emocionais, sociais, culturais e existenciais.

Seguindo as orientacións propias do noso ideario como centro católico, o Equipo de Pastoral elabora esta programación anual. Os seus obxectivos son:

1. Impulsar a opción evanxelizadora a todo o proceso educativo, e desde esa dimensión, dar unidade e coherencia a nosa acción educativa.
2. Favorecer unha experiencia de vida de fe, con algunhas celebracións que terán lugar ao longo do ano académico: ao inicio do curso, Nadal, Coresma, S. Xerome, etc.
3. Fomentar, diariamente, os valores humano-cristiáns dentro e fóra da aula.
4. Conmemorar datas relativas ao ámbito social (Día contra a Violencia de Xénero, Día da Paz, etc.), así como outras actividades de compromiso social encadradas noutros ámbitos, que aparecen recollidas no Proxecto Global do Centro.
5. Vivenciar os tempos litúrxicos: Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua.
6. Coñecer á persoa de San Xerome Emiliani, titular do centro, o seu espírito e a súa obra.
7. Fomentar a Pastoral vocacional para axudar a buscar e acompañar aos nosos alumnos na busca do seu camiño e vocación como cristiáns.
8. Traballar as APSs (Aprendizaxe servizo), participando en actos solidarios como o *Domund*, Campaña do Quilo- Litro (san Vicente de Paúl), ...
9. Afondar en proxectos de educación emocional, integrando o PAT e a Pastoral.



LEMA CURSO 2022-23

O lema deste ano é: “*Donde lo maravilloso ocurre*”.

Está composto pola palabra “*Dónde*”, máis ancha que as outras para reforzar que a escola é un espazo grande onde caben todos. A tipoloxía de “*Maravilloso*” é esvelta e minimalista, expresando que o maravilloso foxe do complicado e complexo.

“*Ocurre*” cun estilo máis festivo, atrevido e alegre, fai un chisco á concordia e á inclusión.

No cartel do lema aparece a nova mascota: **Marvi**, figura prestada da plataforma aberta de Canva, que reflicte a sinxeleza, a inocencia e a ocorrente imaxinación, cunhas formas moi simples en volume e fácil de identificar para os máis pequenos.



De aquí, saen unha serie de obxectivos específicos que son os seguintes:

- Facer uso da capacidade de expresar a nosa emocionalidade e das habilidades empáticas que nos permiten mellorar a comunicación cos demais.
- Afondar en proxectos de educación emocional, integrando o PAT, o equipo de innovación e Pastoral.
- Recoñecer e dar o seu lugar á persoa de San Xerome Emiliani, titular do centro, o seu espírito e a súa obra.
- Favorecer a expresión de sentimentos e emocións nos nosos alumnos, profesores e familias.
- Fomentar o traballo en equipo e colaboracións entre os distintos plans e departamentos: EDLG, Innovación, Plan de Acción Titorial.
- Resaltar e facer visible a presenza do galego no noso lema fomentando tamén o plurilinguismo a través de distintos idiomas presentes no noso centro: lingua galega, lingua castelá inglés e francés.
- Descubrir a Xesús nas imaxes do lema.
- Reflexionar e vivir dunha determinada maneira atendendo ao carisma Somasco.

O Equipo de Pastoral está constituído polos seguintes membros:

- Coordinadora de Pastoral: Ana Rosa Villa Álvarez.
- Representante de Educación Infantil: Asunción Vicente Álvarez.
- Representante de Educación Primaria: Amparo Castro Pérez.
- Representante de Educación Secundaria: Roberto Álvarez Carrero.
- Representante do Equipo de Innovación e Titor de ESO: Rodrigo Fernández Giráldez.
- Representante do Persoal de Administración e Servizos: Antonio Rodríguez Martínez.
- Un membro do Equipo directivo asignado pola dirección.

PROPOSTA DE ACCIÓNS A REALIZAR AO LONGO DO CURSO

Diariamente

Oración da mañá. Cada profesor disporá de recursos variados para as oracións e reflexións da mañá. Poderán ser dinámicas preparadas para cada momento do ano, deixando aberta a posibilidade de que o alumnado sexa o encargado de preparar a devandita oración ou reflexión en momentos puntuais.

PRIMEIRO TRIMESTRE

1. Xornadas Inaugurais

As **Xornadas Inaugurais** teñen como obxectivo iniciar o curso escolar cunha pincelada evanxelizadora que impulse e favoreza o fomento dos valores humano - cristiáns dentro e fóra da aula, en todo o proceso educativo, desde o principio.

Así, este ano será a FRATERNIDADE o valor máis presente, polo que o “*Bo samaritano*” aparecerá nas dinámicas destes días iniciais.

– Educación Infantil e 1º - 2º de Educación Primaria

O alumnado de **Educación Infantil** e primeiro mais segundo de primaria, comezarán estas xornadas guiados por un *genially*, grazas a el cantarán a canción proposta, visualizarán o vídeo do “*Bo Samaritano*”, e farán xogos. O maiorciños, debuxarán e colorearán a *Marvi*.

<https://view.genial.ly/628cbe28100f360019109936/presentation-jornadas-inicio-22-23-inf-primer-ciclo-prim>

– Educación Primaria

No resto da etapa de **Educación Primaria** a xornada primeira vaise iniciar cunha dinámica de presentación da mascota que xa recordaban da entrada e escaleiras de acceso ás aulas. Logo traballarán na creación dun escudo persoal que lles servirá para se presentar na charla posterior. Farán unha actividade para localizar contrastes ao seu redor e reflexionar sobre eles, que sentiron (medo, tristura...).

Tamén visualizarán a parábola do “*Bo Samaritano*”, para logo facer un *Kahoot* e por de manifesto a súa comprensión. Todo estará organizado nun *genially*.

<https://view.genial.ly/62a07a4582e69c0011933115/presentation-jornadas-inicio-22-23-3o-a-6o-prim>

– Educación Secundaria

En **Educación Secundaria**, seguindo o mesmo software, iniciarase a xornada cunha actividade de presentación baseada nunha batería de preguntas e retos que mostrarán as súas preferencias, gustos... Visualizarán a parábola que inspira as dinámicas,

reflexionarán sobre a canción de Dani Martín “Mentira”, e poranse na pel doutros, con xogos como o de “Se eu fora” ou a “Ventá de Johari.

<https://view.genial.ly/62b425d8b88c610018e958b6/interactive-content-jornadas-inicio-de-curso-eso-bach>

Unha das dinámicas destas xornadas é crear en tres dimensións a Marvi. Así, os profesores da materia de Tecnoloxía viron que era un traballo perfecto para o alumnado de 1º e 2º ESO. Xuntos, comezarán un proxecto laborioso, pero que resultará moi produtivo.

2. Conmemoración de Santa María Nai dos orfos (martes 27 de setembro).

Este día tan especial para a comunidade somasca, convértese na inauguración oficial do curso escolar 2022-23. Celebraremos unha convivencia fóra do centro: iremos ao “Montiño”; alí, un relixioso somasco, dará unha charla para explicar que celebramos esta xornada e por que. Estará aberta as preguntas. A continuación, co alumnado organizado por grupos mesturados por etapas e caracterizados por camisetas de cores diferentes, levaranse a cabo xogos e a merenda. O obxectivo é xerar un tempo de convivencia, diversión e reflexión nesta data e punto de curso escolar que comeza.

3. Catequeses de Primeira Comunión para 2º e 3º de primaria.

Dará comezo pasado o principio do curso escolar, e serán os membros da comunidade relixiosa, os que temporalicen dita actividade.

4. Recollida de roupa con S.O.S. África.

Estaremos á espera das franxas temporais marcadas pola organización para o desenvolvemento desta actividade.

5. Domund (domingo 23 de outubro)

Cada titor ou mestre de Relixión informará da Campaña durante a semana anterior á data. Os maiores poden buscar información e presentar a historia do Domund na propia aula a través de actividades de obradoiros de Arts ou doutra materia.

Propoñemos ideas para a recadación nos petos: os alumnos de ESO pódense organizar por grupos para xestionar unha achega e recollida de petos aos cursos de Primaria, tratando de lles explicar por que se fai esta Campaña e animándoos a colaborar.

6. Día da Non Violencia de Xénero (venres 25 de novembro)

Desde o comezo da xornada, recordarase que día é e por que, desgraciadamente, se conmemora. Pódese facer unha oración/reflexión na que cada alumno sexa o autor da mesma.

“O que máis me gusta de ti...”

Propoñemos como actividade que se lle reparta ao alumnado material de cor morada (folios, cartolinas...), e que nelas escriban durante este día, en traballo cooperativo, aquelas cousas que recorden que máis lle gustou desde sempre, das mulleres importantes das súas vidas: nais, avoas, irmás, tías, curmás... Todos eses escritos pegaranse, segundo se acorde con outros Equipos, no patio, nas portas, nos corredores...

A temporalización será a valorar polos equipos de traballos correspondentes.

7. Día dos Dereitos Humanos (10 de decembro)

Traballaremos a data o venres 9 de decembro, e propoñemos que a actividade comece na oración da mañá recordando este día(será o mestre/profesor que estea nese momento na aula); farase unha reflexión sobre a importancia desta conmemoración. Pódense ter feitas presentacións diversas e achegarse ás aulas de cursos diferentes, e nun intercambio de información, coñecer con detalle, a data.

Nos días anteriores, o alumnado creará símbolos ou escritos que simbolicen un dereito e, durante o resto da mañá pegarán nunha parede do patio, habilitada a tal fin, construíndo un **“mosaico de dereitos”**.

8. Día do Voluntariado (luns 5 de decembro)

• “Inauguración da operación quilo-litro”

O luns día 7, marcamos o principio desta campaña. Dado o éxito do ano anterior, a actividade proposta seguirá a ser o establecemento de novos “RETOS”: cada titor estimulará as achegas de alimentos e produtos de hixiene, estableceremos recontos de quilos e litros (serán por unidades de produtos) por cursos. Podemos involucrar aos maiores nesta tarefa.

- **“Cadea humana”** a San Vicente de Paúl. do pasado curso, para concluír esta campaña.

9. Advento (domingo 27 de novembro)

• “O meu calendario de advento”

Actividade a manter, e consiste en confeccionar un calendario, co deseño e formato que o profesor considere ou planifique.

- **Actividade** proposta pola **Pastoral da Fundación.**

10. Nadal

• Belén do P. Vidal.

Comezará a montaxe á par que o Advento

- **Festival de Nadal**

Recuperaremos esta actividade, tan característica do noso centro, paralizada desde a Pandemia. Nela, cada curso fará unha actividade lúdica para festexar o Nadal. Podemos intercalar algunha dinámica, xunto ca ANPA, para recadar algunha última aportación á Campaña de Nadal.

SEGUNDO TRIMESTRE

11. **Día da paz (luns 30 de xaneiro)**

- **“Grilandas para a Paz”**

Durante a semana previa ao Día da Paz, levarase a cabo un obradoiro para fabricar grilandas de símbolos de paz de papel. Concluirase a actividade colgando no patio cuberto do cole, as grilandas a modo de bandeirolas de festa.

12. **San Xerome (mércores 8 febreiro)**

- **“Lembra a San Xerome”**

A actividade consiste en seleccionar temas relacionados coa vida e obra do noso padroeiro. Cada etapa traballará un destes temas:

- Como era san Xerome? Educación Infantil
- Quen era San Xerome? Educación Primaria
- Quen foron os seus primeiros seguidores e por onde se estendeu a súa obra?... ESO

Os traballos resultantes, expóranse na plataforma ou redes.

- Actividades relixiosas (Eucaristía na igrexa parroquial) e lúdicas (xogos e busca do tesouro) para a conmemoración.
- Por concretar unha posible convivencia cun P. Somasco que visite ao noso alumnado.

13. **Semana Santa (2 abril – 9 abril)**

- **Confesións**

Logo de reflexións feitas nas clases de Relixión sobre a Paixón e Morte de Cristo, invitar aos nosos alumnos ao recollemento e á confesión.

- **Actividade** proposta pola **Pastoral da Fundación.**
- **“Obradoiro de teatro”**

TERCEIRO TRIMESTRE

14. Maio, mes da Virxe

“Flores á Virxe”

Crearemos un novo espazo para poder recoller as ofrendas florais á Virxe. Será o acordado nesa data segundo conveña, dadas outras actividades paralelas. Propoñemos facer grilandas de flores e logo colgalas por espazos que alegren o colexio e recorden este tempo mariano.

15. Dia Mundial do Medio ambiente (luns 5 de xuño)

Por determinar actividades que complemente a dinámica marcada no *plan de eventos e celebracións*. A idea é, que este equipo faga un recordatorio de temas tratados o pasado curso e asociados á Creación.

16. Corpus Christi (xoves 8 de xuño)

- “Deseña a alfombra do colexio” (concurso)

Esta actividade trata de mesturar a data, unha costume do vila e o traballo do colexio. A semana anterior á data, proporíase ao alumnado o deseño da súa alfombra floral ideal. Poderemos facer unha invitación a especialistas na materia e concretar un sinxelo obradoiro floral.

Este plan está elaborado dun xeito aberto e flexible, preparado para calquera tipo de modificación que atenda a realidade do día a día. Queremos deixar sinalado que hai dúas propostas pendentes de traballo e temporalización, dado que dependen doutros equipos e plans. Estas son:

- Reactivación da **ONG Pro- Mozambique**.
- Calquera colaboración nos proxectos de emocional. Temos preparada a actividade: **“3 agradecementos x 21 días”**.

Na Guarda, a martes 27 de setembro de 2022